Normas para a elaboración da Memoria de Prácticas Externas

Grao en Bioloxía

Universida de Vigo

Facultade de Bioloxía

NORMAS PARA A ELABORACIÓN DA MEMORIA DE PRÁCTICAS EXTERNAS

(Materia optativa de cuarto curso do Grao en Bioloxía)

A **extensión** da memoria estará comprendida entre 7 e 10 páxinas (sen contar a portada, o índice e os anexos, de habelos) que deberán ir numeradas, impresas a dobre cara e grampadas.

PRESENTACIÓN

A presentación ten que ser coidada, atendendo á ortografía e redacción, numerando debidamente as táboas ou figuras (no caso de que existan).

LINGUAXE E ESTILO

A memoria pode ser redactada en galego, castelán ou inglés.

Establécense as seguintes normas de formato:

- **Marxes.** Todos os marxes (esquerdo, dereito, superior e inferior) deben ser de 2,5 cm.
- **Tamaño e tipo de letra.** Times New Roman 11 para todo o texto, destacando os títulos dos apartados en negriña. No caso de existir subapartados, estes deben ir subliñados. Usar entreliñado sinxelo e xustificar o texto.

APARTADOS QUE DEBE INCLUIR A MEMORIA

A memoria constará dos seguintes apartados:

- **Portada:** (non irá numerada) e deberá incluír: nome completo do estudante, nome da empresa, nome do/a titor/a da empresa, fechas de realización das prácticas. Tamén ten que incluír unha referencia á titulación (Grao en Bioloxía), á materia (Prácticas externas) e ao curso académico. Recoméndase usar como modelo a páxina de portada que se incluíu en Faitic (prácticas externas), ou tomala como exemplo.
- **Índice:** debe recoller os apartados dos que consta a memoria.
- **Datos da empresa:** breve información sobre a empresa (nome, localización e un resumen breve das actividades que leva a cabo).
- **Descrición das actividades desenvolvidas durante as prácticas:** resumen das actividades realizadas, indicando o fundamento teórico/experimental das mesmas. Pódense incluír táboas e figuras que deben estar correctamente citadas no texto e levar un encabezado de táboa ou pé de figura. Tamén se pode incluír bibliografía, si se considera necesario, a cal debe estar correctamente citada no texto e incluída nun apartado "Bibliografía" ao final da memoria.
- **Valoración da utilidade dos coñecementos adquiridos no grao en relación coas actividades desenvolvidas durante as prácticas:** debe indicarse que contidos aprendidos nas distintas materias do grao foron de utilidade para o desenvolvemento das prácticas.
- **Competencias incluídas na guía docente da materia "prácticas externas" que se traballaron:** para cada unha das competencias debe indicarse con que actividade/s levada/s a cabo durante o desenvolvemento das prácticas se adquiriron ou fortaleceron.

Manuel A. Pombal Diego

COORDINADOR PRÁCTICAS EXTERNAS